

A INVASIÓN DOS LADRÓNS DE CORPOS

1815

Don Siegel, 1956

ESTREA EN NUMAX: 25.08.2026 | V.O.S.E. | 80 min

Nunha pequena vila de California empezan a suceder cousas moi estrañas: o comportamento dalgúñas persoas cambia de tal maneira que causa estupor e mesmo medo entre os seus parentes e amigos.

«Marabilloso clásico da ciencia-ficción. Sobria e emocionante historia cortada aos patróns do máis puro cine negro»

Fernando Morales, EL PAÍS

Martes 25 de agosto ás 21:45h. A proxección, incluída nas actividades do Festival C, celebrarase ao aire libre na parte final da rúa Concepción Arenal. Acceso libre até completar aforo. Organizan Concello de Santiago e Deputación da Coruña.



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



A INVASIÓN DOS LADRÓNS DE CORPOS

Don Siegel, 1956

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

A primeira vista todo parecía igual... pero non

Por David Vericat

Resulta paradoxal comprobar como dúas posturas ideolóxicas tan contrapostas como a da dereita máis reaccionaria e a pertencente a unha corrente da América progresista fixeron súa a mensaxe política dun filme como *A invasión dos ladróns de corpos*. É innegable que a terrorífica historia da pequena vila que sofre a invasión dunha misteriosa praga alieníxena capaz de suplantar a todos os seus habitantes cun exército de réplicas fisicamente idénticas pero carecedoras de calquera trazo emocional, pode ser interpretada igualmente como unha crítica aos preceptos máis totalitarios do comunismo soviético (a película enmárcase en plena guerra fría entre as dúas grandes potencias) ou, en sentido contrario, como unha (máis sutil, e persoalmente a miña preferida) denuncia á desaforada cruzada anticomunista do senador McCarthy (a tristemente famosa caza de bruxas de Hollywood, que se levou a cabo xustamente na primeira metade da década dos cincuenta). Sexa como for, e feita a adscrición a unha ou outra interpretación segundo as preferencias de cada espectador, só cabe gozar deste magnífico thriller en clave de ciencia ficción servido con pulso mestre por Don Siegel (que, ao parecer, admitía as evidentes alusións da película ao McCarthysmo) a partir da novela homónima de Jack Finney.

O arranque da película, narrada en clave de flashback polo doutor Miles J. Bennell desde o hospital psiquiátrico no que se atopa retido, é exemplar: “Todo empezou o xoves pasado, polo menos para min. A primeira vista todo parecía igual... pero non o era”, explica o protagonista para describir o ambiente da pequena poboación de Santa Mira ao seu regreso dun congreso médico. E xa desde o primeiro momento unha serie de estraños sucesos van ir xerando en Miles un sentimento de ansiedade que vai ir progresivamente en aumento. Episodios que culminarán coa chamada que Miles recibe durante a súa cita nocturna con Becky Briscoll para ser informado da estraña aparición dun corpo con forma humana pero “aínda non terminado, como a primeira impresión dunha moeda”.

A partir deste intre os acontecementos precipítanse, e o ritmo acelérase de forma vertixinosa (magnífico o plano de Miles descendendo do seu automóbil en marcha despois de conducir a toda velocidade ata a vivenda de Becky ante a sospeita do perigo ao que esta se expón). Como escribía José María Latorre en relación á película de Siegel no seu magnífico volume sobre “O cine fantástico”: “o inimigo da nosa personalidade está dentro de nós, na nosa forma de aceptar cegamente a mediocre rutina cotiá”.

Imitando os inexpresivos movementos dos invasores para facerse pasar por un deles e poder así burlar a súa vixilancia, os protagonistas conseguen fuxir e refuxiarse nunha vella mina abandonada nos arredores da poboación. E é hoxe por hoxe cando o filme nos sorprende cunha última secuencia de cáustica e desesperanzada ironía: desde o interior da mina, escoitan unha apracible melodía relixiosa; “Nunca escoitei algo tan belo. Non somos os únicos que coñecen o amor”, exclama esperanzada Becky antes de que Miles saia a inspeccionar a orixe da música e descubra arrepiado que esta provén dos altos falantes dunha inmensa plantación de vainas destinadas a propagar a invasión. Unha nova e elocuente advertencia sobre como os mecanismos de terror poden camuflarse baixo as formas en aparencia máis apracibles.

Publicado en cinemaesencial.com

NUMAX **10**
numax.org